

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos nas avaliacións serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nas táboas correspondentes a cada curso. Todos os estándares terán o mesmo peso na cualificación

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora, no sentido de que debe estar presente ó longo de todo o proceso educativo integrándoa, a ser posible, na propia aprendizaxe do alumnado e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Co obxectivo de que se trate dunha avaliación formativa é preciso que se faga día a día e así sirva para decidir sobre novas propostas, ritmos de traballo, interaccións,...

Avaliación inicial

O profesorado de 1º ESO fará ao seu alumnado unha proba individual escrita de coñecementos previos ou avaliación inicial, que permitirá coñecer cal é a situación real de cada alumno con respecto os contidos que se van tratar a continuación. No resto dos niveis esta valoración individual poderá ser mediante proba escrita ou observación sistemática a través de preguntas orais. Na ESO en función dos resultados pódense adoptar medidas individuais como adaptacións curriculares, ou colectivas coma a integración en agrupamentos específicos, que se detallan no punto correspondente da programación.

Avaliación ao longo do curso

A avaliación positiva ou negativa do alumnado está en relación cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que nos marcamos, e que se concretan, entre outros, nas probas escritas correspondentes a cada un dos períodos de avaliación marcados pola CCP, a lo menos unha por avaliación

A determinación do grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, concretase do seguinte xeito:

AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO DE ESO

1ºESO

En cada avaliación realizaranse **un mínimo** de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. **O 70%** da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. Se hai dous exames: o primeiro exame contará un 30% e o segundo (de contido de toda a avaliación) o 40% da nota do período de avaliación. **Se hai máis de dous exames na avaliación, o profesorado informará ao alumnado e ao departamento, e publicará, as porcentaxes relativas a cada exame de avaliación antes da realización do derradeiro exame do trimestre. O 30%** restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

ALUMNADO COAS TRES AVALIACIÓNS SUPERADAS

A nota final será a media aritmética das 3 avaliacións.

***CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Coa finalidade de que o alumnado, con cualificación negativa na primeira ou segunda avaliación, poida recuperar a nota destas avaliacións, farase despois de cada unha delas, un exame escrito, baseado nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Non haberá exame de recuperación soamente da terceira avaliación, se é necesario recuperarase no exame de recuperación final. **Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a avaliación considérase recuperada e a nota de avaliación será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota da avaliación suspensa e a do exame recuperado .**

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN NEGATIVA

Ao final de curso farase un exame de recuperación das avaliacións non superadas, sendo a NOTA FINAL do seguinte xeito:

Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a avaliación considérase recuperada e a nota de avaliación será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota da avaliación suspensa e a do exame recuperado.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. IES CASTRO ALOBRE

Curso2023/24

O longo do curso atenderase á diversidade do alumnado de cada grupo, tendo en conta as súas particularidades, mantendo sempre os contidos mínimos correspondentes a cada nivel.

A nota final será a media aritmética das 3 avaliacións

2º,3º e 4ºESO

En cada avaliación realizaranse **un mínimo** de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. Se hai dous exames: o primeiro exame contará un 30% e o segundo (de contido de toda a avaliación) o 50% da nota do período de avaliación. **Se hai máis de dous exames na avaliación, o profesorado informará ao alumnado e ao departamento, e publicará, as porcentaxes relativas a cada exame de avaliación antes da realización do derradeiro exame do trimestre.** O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

✚ ALUMNADO COAS TRES AVALIACIÓNS SUPERADAS

A nota final será a media aritmética das 3 avaliacións.

***CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Coa finalidade de que o alumnado, con cualificación negativa na primeira ou segunda avaliación, poida recuperar a nota destas avaliacións, farase despois de cada unha delas, un exame escrito, baseado nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Non haberá exame de recuperación soamente da terceira avaliación, se é necesario recuperarase no exame de recuperación final. **Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a avaliación considérase recuperada e a nota de avaliación será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota da avaliación suspenso e a do exame recuperado .**

✚ ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN NEGATIVA

Ao final de curso farase un exame de recuperación das avaliacións non superadas, sendo a NOTA FINAL do seguinte xeito:

Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a avaliación considérase recuperada e a nota de avaliación será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota da avaliación suspensa e a do exame recuperado.

O longo do curso atenderase á diversidade do alumnado de cada grupo, tendo en conta as súas particularidades, mantendo sempre os contidos mínimos correspondentes a cada nivel.

A nota final será a media aritmética das 3 avaliacións

AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO DE BACHARELATO

1ºBACHARELATO

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. A materia que se incluírá en cada unha delas dependerá da materia impartida e do curso, de forma xeral faranse como mínimo dous exames por trimestre, de forma que no derradeiro poida entrar toda a materia dese período. De poder facer o anteriormente citado, os primeiros exames contarán un 40% da nota do período de avaliación e o segundo o 50% da nota do período de avaliación. O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 11 en MATEMÁTICAS I, unidade 9 en MATEMÁTICAS APLICADAS CCSS I, que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan.
- A observación diaria na aula

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

*CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. **Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a avaliación considérase recuperada e a nota de avaliación será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota da avaliación suspensa e a do exame recuperado .**

Cada alumna/o que teña algunha avaliación suspensa e non superase o curso na avaliación ordinaria deberá realizar tarefas de recuperación no período que segue á dita avaliación ordinaria. Estas tarefas serán avaliadas cun 10%. Haberá tamén unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que son obxecto de reforzo nese período na aula e que terá un valor do 90%.

2º BACHARELATO

MATEMÁTICAS II

En cada avaliación realizaranse dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación, salvo na terceira que serán tres probas escritas. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas (na primeira avaliación, o primeiro exame contará un 40% e o segundo exame contará un 50%; na segunda avaliación o primeiro exame contará o 30% e o segundo contará un 60%; na terceira avaliación o primeiro exame contará un 22,5 % , o segundo exame un 45 % e o terceiro un 22,5 %). En tódalas avaliacións, no segundo exame avaliarase a materia dada dende o principio de curso). O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 11 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II

En cada avaliación realizaranse dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas (na primeira avaliación, o primeiro exame contará un 40% e o segundo exame contará un 50%; na segunda e terceira avaliación, o primeiro exame contará o 30% e o segundo contará un 60%). En tódalas avaliacións, no segundo exame avaliarase a materia dada dende o principio de curso). O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 11 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O Traballo diario, na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado e o grao de atención e participación valorado no caderno do profesorado)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

*CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao final do curso a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a avaliación considérase recuperada e a nota de avaliación será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota da avaliación suspensa e a do exame recuperado.

A nota final será a **media aritmética das 3 avaliacións**, si soamente ten que recuperar algunha avaliación.

Si ten que recuperar as tres avaliacións, a proba final será da totalidade da materia desenvolvida ao longo do curso. Sendo avaliado única e exclusivamente pola realización desta proba. **Se a nota do exame de recuperación é igual ou superior a 5, a MATERIA considérase recuperada e a nota FINAL será o máximo entre 5 e a media aritmética da nota suspensa e a do exame recuperado.**

O alumnado que por non ter aprobada a materia na avaliación ordinaria teña que presentarse á proba extraordinaria, **deberá facelo da totalidade da materia desenvolvida ao longo do curso**. Sendo avaliado única e exclusivamente pola realización desta proba.

MÉTODOS MATEMÁTICOS E NUMÉRICOS

O 60% da nota que indique, en cada un dos períodos de avaliación, o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe obterase dos resultados acadados nunha proba escrita de carácter individual. A materia que se incluíra dependerá da materia impartida e do curso, e estará relacionada cos traballos realizados polo alumnado

O 40% restante da nota que indique, en cada un dos períodos de avaliación, o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe obterase, (usando os instrumentos e procedementos anteriormente indicados), de :

- Traballos individuais e en grupo: 20% correspondente a 2 boletíns (10% cada un), de exercicios a entregar
- Traballo diario na aula e o grao de atención e participación: 20% cun control diario das actividades realizadas

Para o cálculo da avaliación final farase a media das tres avaliacións, sempre que en ningunha delas a nota sexa menor de catro

Na última semana de curso, realizarase un exame final por avaliacións, sendo avaliado pola nota obtida na realización desta proba

Avaliación extraordinaria

O alumnado que por non ter aprobada a materia na avaliación ordinaria teña que presentarse á proba extraordinaria, **deberá facelo da totalidade da materia desenvolvida ao longo do curso**. Sendo avaliado única e exclusivamente pola realización desta proba.

Táboa resumo

NIVEL	INSTRUMENTO		Porcentaxe
1ºESO	EXAMES	Ex 1 : 30%	70%
		Ex 2 : 40%	
	Traballo na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado, grao de atención e participación) Traballos individuais ou en grupo		20%
	Caderno		10%
2º ESO, 3ºESO e 4º ESO	EXAMES	Ex 1 : 30%	80%
		Ex 2 : 50%	
	Traballo na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado, grao de atención e participación) Traballos individuais ou en grupo		15%
	Caderno		5%
1º BACHARELATO	EXAMES	Ex 1 :40%	90%
		Ex 2 :50%	
	O traballo na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado, grao de atención e participación). Traballos individuais e/ou colectivos.		10%
2º BACHARELATO MATEMÁTICAS	<p><u>1ª AVALIACIÓN</u> Exame PARCIAL: 40% Exame FINAL: 50 % Traballo: 10%</p> <p><u>2ª e (3ª AVALIACIÓN CCSS II)</u> Exame PARCIAL: 30% Exame FINAL: 60% Traballo: 10%</p> <p><u>3ª AVALIACIÓN MATEMÁTICAS II</u> Exame 1: 22,5% Exame 2: 45% Exame 3: 22,5%</p> <p>O traballo, na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado, grao de atención e participación). Traballos individuais e/ou colectivos. Nos exames finais entrará sempre todo o material visto desde o principio de curso. O exame de recuperación realizarase mediante avaliacións ao final do curso, xunto co exame (voluntario) para elevar a nota.</p>		

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada docente do curso actual é responsable do seguimento do seu alumnado coa materia pendente.

Para o alumnado de 2º, 3º e 4º da E.S.O. coas matemáticas pendentes do curso anterior, farase o control da materia pendente do seguinte xeito:

- O departamento propondrá unha colección de exercicios de repaso da materia pendente, para que o alumnado traballe os contidos mínimos esixibles co fin de acadar os obxectivos de cada nivel. Os boletíns poderanse atopar na conserxería ou descargar os ficheiros da páxina web do instituto ou AULA VIRTUAL, entrando como convidados.
- No caso de que o alumnado supere as **dúas primeiras avaliacións** do curso actual, terá recuperada a materia ou materias dos cursos anteriores.
- O alumnado que non supere as dúas primeiras avaliacións do curso actual, realizará un exame na data oficial de pendentes de maio ou xuño (proposta polo EQUIPO DIRECTIVO).

O alumnado de 2º de bacharelato coa materia pendente terá unha proba do curso completo en xaneiro, no caso de suspendela realizará un exame na data oficial de pendentes de maio (proposta polo EQUIPO DIRECTIVO). En caso de non superalo na convocatoria ordinaria terá que acudir á convocatoria extraordinaria, proposta tamén polo EQUIPO DIRECTIVO.

AVALIACIÓN

- Como criterio de corrección nas probas escritas, valoraremos os coñecementos teórico- prácticos do alumnado e a adecuada utilización das ferramentas matemáticas, así como o rigor nos razoamentos desenvoltos e a linguaxe utilizada.
- Na resolución dos problemas, exercicios e cuestións serán valorados os seguintes aspectos:
 - A identificación do modelo matemático e das propiedades matemáticas e a súa descrición concisa.
 - A coherencia ordenada e razoada da exposición da resposta.
 - A claridade de exposición.
 - A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
 - A facilidade e precisión na realización do cálculo.

Se no desenvolvemento dunha resposta, por erro nos cálculos, o alumno/a obtén unha solución absurda, será valorado positivamente que fagan constar o absurdo de tal resultado.

A ausencia de explicacións na solución dun problema repercutirá negativamente na súa valoración, podendo ter unha puntuación nula se só se aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningunha explicación.

Será valorada a corrección e detalle das mesmas, a utilización de unidades e o mantemento, aproximado, das proporcións.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. IES CASTRO ALOBRE

Curso2023/24

A puntuación de cada pregunta estará condicionada polo que o alumnado fai ben, polo que fai mal e polo que deixa de facer.

Consideraranse como mínimos esixibles para a recuperación da materia pendente os graos mínimos para a superación da materia daqueles que traballen os seguintes contidos :

MÍNIMOS DE 1º ESO :

- Interpretación, ordenación, comparación, representación gráfica e clasificación dos números naturais, enteiros e racionais.
- Utilización dos algoritmos da suma, resta, multiplicación, división e porcentaxes con números naturais, enteiros, fraccións e decimais.
- Resolución de problemas onde se aplican criterios de divisibilidade.
- Utilización das potencias e raíces cadradas de forma básica.
- Resolución de ecuacións de primeiro grao.
- Utilización do factor de conversión, o método de redución á unidade e a regra de tres simple.
- Utilización do vocabulario adecuado para interpretar e transmitir información sobre a forma e o tamaño dos obxectos.
- Expresión de medidas feitas con precisión.
- Medida de áreas de figuras planas descompoñéndolas noutras máis simples e aplicando fórmulas sinxelas.
- Recoñecemento de figuras no espazo.
- Utilización e interpretación da linguaxe gráfica e estatística, tendo en conta a situación que presenta e empregando o vocabulario e os símbolos máis adecuados.
- Describir e cuantificar situacións relacionadas co azar.

MÍNIMOS DE 2º ESO :

- Interpretación, ubicación na recta numérica e utilización dos números enteiros e racionais (nas súas distintas representacións, fundamentalmente: fracción, número mixto e decimal).
- Uso correcto da xerarquía das operacións (incluídas potencias e raíces cadradas) e, emprego adecuado das propiedades (incluídas as propiedades das potencias) en cálculos non excesivamente complexos.
- Resolución de problemas que inclúen o concepto de fracción, e tamén fracción dunha fracción, así como expresións lingüísticas que leven a elas como "3 de cada 5".
- Uso da calculadora para calculalo resultado de operacións combinadas que inclúan números enteiros, fraccións e decimais, incluíndo paréntesis, potencias de grado 2 ou 3, e raíces cadradas.
- Estimación (entre naturais consecutivos) de raíces cadradas con radicando inferior a 256, e sabelos cadrados perfectos ata 256, incluído. Uso da calculadora para o cálculo de raíces cadradas e potencias de expoñente 2, 3 ou maiores.
- Utilización da proporcionalidade directa, inversa e composta en resolución de problemas, así como completando táboas de proporcionalidade directa e inversa e uso da constante de proporcionalidade.
- Utilización e cálculo de porcentaxes, incluíndo aumentos e diminucións na resolución de problemas.
- Utilización, cálculo (sumas, restas, multiplicacións e uso das identidades notables) e redución de expresións alxébricas. Uso na resolución de problemas.
- Resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, e uso de plantexamento e resolución das mesmas na resolución de problemas.
- Resolución de sistemas de ecuacións, e uso de plantexamento e resolución deles na resolución de problemas.

- Resolución de problemas diferenciando os elementos coñecidos dos que se pretende averiguar, así como os relevantes e os irrelevantes.
- Representación das funcións lineais, constantes e afíns, así como obtención da expresión alxébrica a partir da representación gráfica. Uso das devanditas funcións na resolución de problemas. Discernir entre as gráficas que corresponden a unha función e as que non corresponden.
- Elaboración e interpretación da táboas numéricas e gráficos a partir de conxuntos de datos, enunciados, gráficas e/ou de expresións funcionais, tendo en conta o fenómeno ó que se refiren.
- Cálculo de medidas de centralización e dispersión dun conxunto de datos. Recopilación de datos en táboas, tanto manualmente como empregando diferentes ferramentas tecnolóxicas como poidan ser, polo menos, folla de cálculo (Aplicativos/Ofimática/LibreOfficeCalc ou semellante).
- Interpretación/análise de gráficos estatísticos. Creación de gráficos estatísticos, centrándose en gráficos de sectores e barras/columnas, tanto manualmente como empregando diferentes ferramentas tecnolóxicas como poidan ser, polo menos, folla de cálculo (Aplicativos/Ofimática/LibreOfficeCalc ou semellante).
- Utilización do Teorema de Pitágoras en exercicios e en resolución de problemas usando a calculadora.
- Utilización da semellanza, razón de semellanza e Teorema de Tales para o cálculo de lonxitudes, perímetros e áreas en exercicios e na resolución de problemas.
- Cálculo de perímetros e áreas de figuras planas, que se ponden descompoñer en triángulos, rectángulos e figuras circulares (poden ser a metade dun círculo ou a cuarta parte). Uso de perímetros e áreas en resolución de problemas.
- Identificación de corpos xeométricos sinxelos: poliedros e corpos de revolución. Cálculo do seu volume e area do seu desenvolvemento plano.

MÍNIMOS 3º ESO :

- Realizar correctamente operacións combinadas con números naturais, enteiros e racionais.
- Operar con números en notación científica.
- Manexar correctamente as propiedades das potencias.
- Calcular a fracción xeratriz dun número decimal.
- Calcular raíces e expresión dunha raíz en forma de potencia.
- Recoñecer os distintos conxuntos de números: naturais, enteiros, racionais e reais.
- Clasificar correctamente unha serie numérica.
- Obtención do termo xeral e cálculo de certos termos de progresións aritméticas e xeométricas. Suma dun número determinado de termos duna progresión. Resolución de problemas.
- Operar con polinomios: suma, resta, multiplicación e división. División de un polinomio polo binomio $x-a$, regra de Ruffini. Factorización.
- Empregar adecuadamente as igualdades notables.
- Resolver ecuacións de primeiro e segundo grao.
- Resolver sistemas de ecuacións lineais.
- Traducir a linguaxe alxébrica enunciados de problemas.
- Resolver problemas nos que sexa necesario empregar ecuacións ou sistemas de ecuacións.
- Resolver problemas aplicando o teorema de Pitágoras e os criterios de semellanza.
- Recoñecer figuras no espacio.
- Recoñecer as transformacións xeométricas e a súa composición.
- Representar, interpretar e recoñecer funcións sinxelas, así como as súas propiedades elementais.
- Construción duna táboa estatística e cálculo das súas principais medidas.
- Asignar probabilidades a sucesos en experiencias regulares.
- Coñecer e manexar a Lei de Laplace.

1º de Bacharelato:

- Operar correctamente con Logaritmos
- Resolver ecuacións non alxébricas sinxelas
- Resolución de problemas mediante ecuacións e inecuacións
- Calcular as razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Ángulo dobre
- Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas
- Operar con números complexos. En forma binómica e polar
- Calcular as distintas ecuacións da recta. Estudar as posicións relativas de rectas. Calcular distancias e ángulos.
- Calcular as ecuacións e principais elementos da circunferencia, elipse, hipérbola e parábola.
- Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións
- Cálculo de derivadas. Regra da cadea
- Parámetros de distribucións bidimensionais (media, varianza e desviación típica)

IES CASTRO
ALOBRE

